



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2019/6

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de maio de 2019
Duración	Desde as 20:40 ata as 21:00 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretario	SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO	NON
[REDACTED]	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	NON

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 07/06/2019
HASH: 633ac328dccc4a6a1b6b15c3ae191672



SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 07/06/2019
HASH: 22542b21be1eb8675e24bb7d77618c84



ACTA DO PLENO

Número: 2019-0006 Data: 07/06/2019



Cod. Validación: 7K4K5X56RK4TX7DP7TSJF5Z64 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/

Para máis información, dirixíndose a esta dirección electrónica, pódese consultar a información adicional que se publica no B.O. de A Estrada, número 1, de 14 de xuño de 2019.



	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión e, antes de tratar os asuntos incluídos na orde do día, di que se trata da última sesión ordinaria do Pleno desta lexislatura, unha sesión caracterizada polas benvidas e polas despedidas, benvida á nova Secretaria municipal, Dna. Sandra Mª García Chenlo, e despedida a todos os membros que formaron esta corporación. Así mesmo informa que queda por celebrar durante o vindeiro mes de xuño outra sesión plenaria para aprobar a última acta como requisito para pechar esta lexislatura.

O Sr. Alcalde-Presidente quere agradecer as aportacións feitas por todos os grupos políticos con representación municipal, xa que, independentemente do debate político, existe unha excelente cordialidade, o que serve para poñer en valor o traballo feito por esta corporación durante estes catro anos de mandato.

A continuación, procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE ABRIL DE 2019

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente en funcións a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o Sr. Alcalde pregunta se hai alguna moción de urxencia, non habendo ningunha.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
 Número: 2019-0006 Data: 07/06/2019





DAÇÃO DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE ABRIL DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de abril de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0356 ao número 2019-0413 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, felicitando a todos os presentes polo acadado durante esta lexislatura, sen embargo di que todo non son parabéns, xa que lamenta que o grupo de goberno non tivera en conta moitas das iniciativas que os grupos da oposición puxeron enriba da mesa e, incluso, aínda que algunhas delas foron aprobadas por unanimidade, nunca chegaron a executarse, tal é o caso das aportacións realizadas ao plan EDUSI e que nin sequera foron debatidas nin tidas en conta, así como tamén aquel acordo unánime de facer un plan de erradicación de verquidos de lixo no rural e que a día de hoxe non se executou. Ao anterior quere engadir os impedimentos con que se atoparon os grupos da oposición na obtención da documentación requirida para poder facer o seu traballo de fiscalización, tal é o caso da solicitude do censo de obrigados tributarios, así como a petición da convocatoria da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade para tratar temas en materia de educación. Polo manifestado, lamenta que se remate esta lexislatura sen que a cordialidade entre os partidos políticos non sen manifestase en beneficios para os/as veciños/as estradenses.

Continúa a Sra. Louzao pregando que se lles faciliten os datos solicitados e se convoquen as Comisións requiridas.

Finalmente quere agradecer o trato ao seu grupo político, reiterando a súa disposición a traballar conxuntamente ata que remate a actual lexislatura así como nas futuras.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para preguntar se a instalación dunha fonte na Alameda xa estaba incluída no proxecto inicial, xa que non lembra velo, sen embargo si estaba previsto a colocación de céspede na porta principal da Casa do Concello, observando que non vai a ser así, polo que quere saber se houbo algunha modificación ao proxecto inicial ou ben se trata dunha simple improvisación do grupo de goberno.

Responde o **Sr. Alcalde** que no proxecto da Alameda está ben claro a colocación dunha fonte ao carón do palco da música, polo que recomenda á Sra. Blanco que se fixe máis á hora de revisar os proxectos.

En canto á colocación de céspede na entrada do Consistorio, a empresa adxudicataria, xunto coa dirección de obra, decidiron, por motivos de operatividade e mantemento, se descartara esa zona verde.

Continúa a súa intervención a **Sra. Mar Blanco** para lembrar que houbo mocións presentadas polos grupos da oposición que quedaron sen debater, polo que insta que sexan tratadas nas Comisións que correspondan antes do remate da actual lexislatura, xa que considera que a función da oposición non é solo fiscalizar

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0006 Data: 07/06/2019



Cod. Validación: 7K4K5X58R4K4TX7DP7TSJF5Z64 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal>
Para máis informacións sobre este documento electrónico consulte a dirección www.munipal.gal



senón tamén presentar propostas, as cales deben ser debatidas e tratadas debidamente.

Por outra banda, quere comentar algunhas cuestións en relación ao programa electoral do Partido Popular, xa que o 90% das promesas incluídas no mesmo están sen cumprir, invitando ao grupo de goberno cotexar unha por unha para comprobar esa afirmación.

O **Sr. Alcalde** lle contesta, con respecto á decisión de non instalar céspede fronte á Casa do Concello e que se contemplaba no proxecto da Alameda, que á hora de executar un proxecto xorden problemas que hai que ir resolvendo sobre a marcha, sobre todo nesta obra que se caracteriza pola súa complexidade, sendo unha práctica moi habitual, non podendo cualificarse de improvisación senón de capacidade de resolución, aspecto político moi importante. Continúa dicindo que o proxecto da Alameda foi deseñado ao detalle, pero, a medida que se foi executando a obra, foron xurdindo problemas que a empresa adxudicataria, a dirección de obra ou o grupo de goberno tivo que solucionar e, conseguintemente, adaptar o proxecto á realidade do propio terreo e a cuestións de mantementos futuros, o que non se pode considerar de improvisación.

Con respecto á función de fiscalización dos grupos da oposición, di que nunca púxose trabas dende o grupo de goberno, pero considera que hai membros da oposición que non saben facela, sacando conclusións erróneas ao non saber facer o seu traballo e non ser bo/boa coñecedor/a das súas responsabilidades e das consecuencias da execución das mesmas. Di que está encantado que se faga pola oposición dita fiscalización e todos os departamentos municipais estiveron e están sempre a disposición de facilitar toda a información e documentación requirida, sen embargo, se a Sra. Blanco tivo algunha vez algún impedimento neste sentido, entón a invita para que diga e así facerllo chegar aos responsables dos servizos municipais, porque dende a Alcaldía se deu a orde de facilitar o traballo da oposición con total transparencia, sempre e cando non supoña un colapso no traballo do departamento afectado. Dirixíndose á Sra. Louzao e con respecto a súa solicitude por escrito do censo de obrigados tributarios, lle consta que a Sra. Tesoureira accidental púxose en contacto con ela para este fin, pero informa que actualmente esta persoa está de baixa e quizais, por esta causa, a documentación non lle foi facilitada, pero en ningún caso é culpa do grupo de goberno.

Pide a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, quen quere aclarar, en primeiro lugar, que a non colocación do céspede na fachada do edificio do Concello foi por mor dunha proposta súa na reunión mantida co equipo redactor do proxecto, por considerar que o mantemento deste espazo sería moi difícil a causa da falta de luz e o paso constante de xente, alegrándose que se tivera en conta esta proposta.

Continúa expoñendo varios rogos:

- Di que existe unha veciña que manifesta que é propietaria do cruceiro de Ouzamerxe, polo que pide que se fagan as xestións necesarias para aclarar este punto e, en caso de que sexa así, facer as xestións necesarias aos efectos da cesión do cruceiro ao patrimonio público e así proceder á súa reparación.
- Traslada a solicitude dos/das veciños/as da Avda Fernando Conde para que se solucionen os problemas da rede de sumidoiros existentes no tramo final da rúa, polo que prega que se teña en conta esta solicitude antes de que se rematen as obras que se están a facer na actualidade.
- Prega que se faga ramplas de acceso para persoas con mobilidade reducida na escola de Riveira e, se se pode, antes da celebracións das eleccións municipais, rogo que traslada a todos os locais electorais.
- Transmite a solicitude dos/das veciños/as de Outeiro - Codeseda para

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0006 Data: 07/06/2019



Cod. Validación: 7K4K5X56R1K4TX7DPT7SJE5Z64 | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Número de publicación: 2019-0006 | Data: 07/06/2019



que se arranxe un camiño que da acceso a unha fonte - lavadoiro; así como que se faga a xestións oportunas para quitar un poste eléctrico que está case en medio do vial.

Para finalizar a súa intervención, o Sr. Magariños quere despedirse dos membros que formaron o pleno desta lexislatura, en concreto do concelleiro Nemesio Rey que, por estar nos últimos número da lista do PP, seguro non vai a repetir no grupo de goberno.

Volve e pedir a palabra a **Sra. Mar Blanco** (voceira de Móvete) para dicir que cre que o grupo de goberno tivo unha reunión coa Asociación "Entre as Pontes" co fin de que se lles preste axuda cunha desbrozadora, polo que pregunta se está previsto prestarlles esta axuda.

Resposta o **Sr. Alcalde** que se está estudar se é legal facer unha cesión dunha máquina municipal a unha asociación sen ánimo de lucro, en caso de que sexa factible entón se prestará dita axuda.

Por último, antes de finalizar a sesión, o Sr. Alcalde pregunta se hai persoas entre público asistente que queiran intervir, en cumprimento do establecido no Regulamento municipal de Participación Cidadá, e, non habendo ningunha intervención, procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha hora da data do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0006 Data: 07/06/2019



Cod. Validación: 7K4KXS6RK4TX7DPT7SJJF5Z64 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma de validación do Sede Electrónica de Galicia

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233